

Axudas á conciliación da vida familiar e laboral para homes e familias monoparentais que se acollan á redución de xornada

Obxecto

Axudas á conciliación da vida familiar e laboral para os traballadores e familias monoparentais que, entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020 ambos incluídos, teñan unha situación de redución da súa xornada de traballo para o coidado de fillos e fillas.

Persoas beneficiarias

As persoas físicas, homes e mulleres, que no período comprendido entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020, ambos incluídos, se acollan á medida de redución de xornada para o coidado dun fillo ou filla menor de tres anos, ou menor de 12 anos no suposto de que padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33 %, e que reúnan os seguintes requisitos:

No caso de unidades familiares non monoparentais, poderán ser beneficiarios os homes que se acollan á redución de xornada e sexan traballadores por conta allea.

No caso de unidades familiares monoparentais, poderá ser beneficiaria a persoa, home ou muller, que se acolla á redución de xornada e sexa traballadora por conta allea.

Requisitos

Estar empadroadas en calquera concello da Comunidade Autónoma galega, como mínimo, desde o 1 de xaneiro de 2019 e manter esta condición durante todo o período subvencionable.

Convivir coa filla ou o fillo durante o período subvencionable. Nos casos de custodia compartida, computarase o tempo de convivencia e o cálculo do período obxecto da subvención en proporción, segundo os termos do acordo.

No caso de familias non monoparentais, o cónxuxe ou parella deberá ser unha persoa traballadora por conta allea ou ben autónoma e manter esa situación durante todo o período subvencionable.

Os ingresos da unidade familiar non poderán ser superiores a 7 veces o IPREM para o ano 2019.

Accións subvencionables

A redución da xornada de traballo para o coidado dunha filla ou dun fillo menor de tres anos, ou menor de 12 anos no suposto de que padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33 %. A redución de xornada terá que ser de polo menos o 12,5 % da xornada ou porcentaxe equivalente para o caso de que a xornada sexa a tempo parcial.

Tamén poderán acollerse a esta axuda as persoas traballadoras que, cumprindo os requisitos establecidos, adopten unha persoa menor ou a teñan en situación de acollemento familiar, sempre que non transcorresen tres anos desde a data da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción. En calquera caso, a filla ou fillo por quen se solicita a axuda terá que ser menor de 12 anos.

O período máximo subvencionable, continuado ou fraccionado, será de oito meses comprendidos entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020, ambos incluídos. Para ter dereito á axuda deberá manterse a situación de redución de xornada durante un mínimo de 60 días naturais ininterrompidos. Para este prazo, non se terá en conta o tempo de suspensión do contrato de traballo como consecuencia dun expediente de regulación de emprego que teña a súa causa na declaración do estado de alarma.

O período para o cal se solicita a subvención non pode coincidir co permiso por maternidade nin con calquera outro permiso, licenza ou excedencia para a mesma finalidade da persoa solicitante ou do seu cónxuxe ou parella. De se producir este suposto, o período coincidente non se terá en conta no cómputo do período subvencionable. Excepcionalmente, no caso de que a parella desfrute o permiso de maternidade a media xornada, para o cálculo do período subvencionable so se considerará como período coincidente a metade do período do permiso por maternidade.

Contías máximas e duración das axudas:

A contía da axuda, de pagamento único, estará en función da porcentaxe de redución de xornada laboral que se solicite e da duración desta, que será como máximo de 8 meses:

Fillos a cargo	Redución de xornada de 12% a ata 25%	Redución de xornada de máis do 25% e ata o 37,50%	Redución de xornada de máis do 37,50 ata o 50%
1	1.700 €	2.800€	3.100€
2	2.000 €	3.100€	3.400€
3 ou máis	2.300 €	3.400€	3.700€

Para o cómputo do número de fillos e fillas, teranse en conta unicamente os fillos e fillas menores de 12 anos, incluídos aqueles polos que se solicita a redución de xornada.

A contía da axuda reducirase proporcionalmente cando o período subvencionable sexa inferior a 8 meses.

Prazo de presentación:

Ata o 13 de xullo de 2020.

Normativa:

Resolución do 5 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas á conciliación da vida familiar e laboral, por redución da xornada de traballo, como medida de fomento da conciliación e corresponsabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento SI440A). (DOG nº 114 do 12/6/2020) SI440A

MÁIS INFORMACIÓN: SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE TOURO